



ASEMBLEA EXTRAORDINARIA ANPA CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

18 DE MAIO DE 2026

Sendo as 16:30, do día antedito, na biblioteca do CEIP Ramón de la Sagra, comeza a asamblea extraordinaria desta ANPA en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

1. Votación para a elección da empresa que xestionará os servizos de comedor, madrugadores e cambiadores a partir do curso 2026-2027
2. Información de interese sobre a actividade extraescolar, obras e programación do vindeiro curso.

Punto 1. Votación para a elección da empresa que xestionará os servizos de comedor, madrugadores e cambiadores a partir do curso 2026-2027

A presidenta da Anpa, Lucía Fernández, explica ás familias asistentes o concepto de comedor escolar, centrado no benestar das nenas e nenos, ao que aspiramos dende a Anpa en colaboración co centro educativo. Faise referencia ao falado no Consello Escolar de xuño do pasado ano, no que se comentou que cada vez hai máis dificultades no comedor, o persoal implícase moitísimo pero a empresa (Arume) non colabora nin atende ás demandas feitas dende a Anpa.

Esto, sumado ás peticións de varias familias, levounos a buscar alternativas, polo que nos puxemos en contacto coa empresa Jardanay, o que derivou en diversas xuntanzas, na última delas presentaron o seu proxecto para o noso centro coa presenza tanto da Xunta Directiva da Anpa coma coa equipa directiva do centro e varias mestras e mestres. Solicitouse tamén un novo proxecto á empresa Arume, quen o enviou por correo electrónico.

Ambos proxectos estiveron á disposición das familias tanto na secretaría do centro como na páxina web da Anpa, pero faise unha breve explicación de



cada un deles así como das respostas ás dúbidas expresadas por familias e que enviamos a ambas empresas por correo electrónico.

Explícase que a ANPA non emitirá valoracións nin posicionamentos sobre ningunha das empresas presentadas, limitándose a expoñer de maneira obxectiva os dous proxectos de comedor, ambos baseados en servizo de catering e, polo tanto, sen diferenzas substanciais neste aspecto. Indícase tamén que, en termos de atención ás crianzas, as dúas propostas supoñen unha mellora respecto á situación actual.

Trasládase tamén ás familias o malestar xerado por determinados comentarios realizados por parte dalgúns membros do persoal no momento da recollida, feitos que motivaron unha reunión co persoal para explicar con claridade diversos aspectos relativos aos contratos de traballo e evitar malentendidos.

Invítase ás familias a expoñer as súas dúbidas:

- **Arume vai poñer outro monitor?** Esta dúbida foi enviada en días pasados ás empresa e lemos as respostas:

Jardanay: Confirmación de que a figurado do coordinador liberado e o monitor adicional estarán operativos a tempo completo durante toda a xornada de comedor.

Confirmamos.

Arume: Aclaración de se as 30 horas da coordinadora se traduce en liberación e non contabilización a efectos de ratio.

A oferta presentada por ARUME presenta 30h/sem de coordinación dentro do centro fóra da cociente establecida, para que poida ser a persoa de nexo de unión entre as familias, o ANPA, o centro educativo e a empresa. Consideramos que esta persoa debe ser a figura visible para calquera consulta e/o aclaración que sexa necesaria, pasando por ela o funcionamento dos servizos prestados. As 30h/sem son para que poida ter presenza no centro, deixándolle tempo adicional para a xestión, planificación e tramitación de posibles situacións e/o incidencias que así o requiran.

- **Os nenos quéixanse de que comen frío, isto é pola cociña ou pola empresa?** Explicamos o proceso de tratamento da comida e o protocolo de verificación de temperatura, a comida chega en óptimas condicións de temperatura pero, debido ao proceso de servila e ao tempo entre as quendas, pode que arrefría.



- ***As bandexas son do cole? Van seguir usándoas ou comerán en pratos?*** Debido ao elevado número de comensais e á dificultade para atendelos en tempo, o alumnado de infantil come con pratos e o de primaria en bandexas metálicas, actualmente non é operativo facelo doutro xeito. O menaxe actual pertence á empresa Arume.

- ***Independientemente da empresa que saia elixida, o persoal continúa?*** Si, sempre que elas queiran. O persoal que así o decida será subrogado, mantendo as súas condicións económicas e persoais, segundo marca a lei.

Punto 2. Información de interese sobre a actividade extraescolar, obras e programación do vindeiro curso.

Faise un breve resumo do estado da obra esperada no patio cuberto, por cuestións técnicas non é posible facelo co orzamento establecido polo Concello polo que é necesario incrementalo, estase a negociar este punto e por ese motivo as obras non se farán este verán e solicitamos ser sede de Campacole.

En relación ás actividades, informamos de que xa están abertas as enquisas de avaliación sobre servizos de conciliación e actividades extraescolares do curso 2025-26 e de consulta para o vindeiro curso, faise fincapé na necesidade de avaliar a actividade de judo porque, ao levarse a cabo fora do centro, non temos información sobre a súa posible continuidade.

Continuaremos co modelo integrador establecido, as educadoras de Ludiverso xa están a consultar co seu alumnado as actividades e temas cos que lles gustaría traballar o vindeiro curso.

No mes de xuño, ademáis da asemblea ordinaria da Anpa, faremos a xuntanza para presentar as actividades extraescolares.

Finalizado este segundo punto, procédese a recoller os votos das presentes e da caixa de correo da Anpa.

O vicepresidente e a secretaria fan o reconto de votos. Houbo un total de 68 votos (sobre un censo de 202) dos cales 31 foron para a empresa Arume e 37 para Jardanay.

Queda aprobado o cambio á empresa Jardanay.

Levántase a sesión ás 17:30hs



ANPA RASA
CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

Tfno. 615 512 306
www.apa-rasa-ramondelasagra.es
anparamondelasagra@gmail.com



-----SEGUE A CONTINUACIÓN A LISTAXE DE ASISTENTES Á ASEMBLEA----
(oculto
por protección de datos de carácter persoal)-----